



## **HOMENAXE A OITO MULLERES QUE ABREN CAMIÑOS**

Venres 6 de marzo ás 20.00 h.  
Hostal dos Reis Católicos

### **MARÍA ESPORAS RODRIGUEZ (Tfnos. 630 789 965 / 619 942 283)**

Con 37 anos é oficial na comisaría da Policía Nacional do Concello de Santiago de Compostela, exercendo a súa labor no Servizo de Atención á Familia (nas áreas de violencia doméstica e de xénero e delitos sexuais e menores). Destaca por ser a primeira galega seleccionada para unha misión na ONU, exercendo como responsable de un importante grupo de policías nacionais destinados en Haití. Foi condecorada en marzo de 2008 ca Medalla da ONU-Minustah-Haiti e en agosto de 2008 (numeral 2) coa Medalla da ONU-Minustah-Haiti.

### **MILAGROS RODRIGUEZ MARTINEZ (Tfno. 981 59 70 42)**

Muller destacada no ámbito do dereito, na especialidade do Dereito Foral. Foi unha das primeiras mulleres colexiadas no Colexio de Avogados de Santiago. Destaca a súa labor como unha das primeiras mulleres que abriron camiño na política a outras mulleres, formando parte da primeira corporación democrática en 1979. Foi asesora da Asociación Alba desde 1985 e membro da súa Xunta Directiva ata 1996. Foi colaboradora en programas de radio de divulgación sobre temas de xénero.

### **MARISA LÓPEZ LÓPEZ (Tfno. 981 58 08 48)**

Luguesa de nacemento, destaca por ser a primeira muller habilitada nacional de secretaria do Concello. En 1962 fai as oposicións de ingreso no Corpo Nacional de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de administración local de categoría superior, acolléndose á lei promulgada ese mesmo ano na que se permitía por primeira vez ás mulleres o ingreso nese Corpo. Exerceu o seu cargo en diferentes concellos. Actualmente está xubilada .

### **MARIA JESUS MONTERO PARDO**

Licenciada en Dereito pola USC, en 1972 ingresa no Corpo Nacional de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España. Exerceu a súa profesión en Padrón, Negreira, Betanzos e Santiago, onde foi a Primeira Rexistradora da Propiedade. Participou na creación da academia galega de preparación de oposicións a rexistros. Impartiu clases na escola de Práctica Xurídica da USC e formou parte como vogal do primeiro Consello Galego de Igualdade Home-Muller da Xunta. Actualmente é titular de Rexistro Número 2 de A Coruña.

### **DARIA VILARIÑO (Tfno. 981 58 36 58)**

Licenciada en Filosofía e Letras, Sección Historia, en 1950 pola USC. ingresou no Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos en 1959.



Ocupou o cargo de directora na Biblioteca da USC no ano 1973, cargo que exerceu ata 1993, cando se xubilou. Destaca pola súa labor como impulsora da Rede de Bibliotecas da USC.

**MARÍA JOSÉ JUSTO (Tfno. 981 55 99 38)**

Licenciada en Xeografía e Historia pola USC, exerce como directora do Arquivo Histórico da USC, sendo ademais funcionaria do Corpo Facultativo de Arquivos e Bibliotecarios (sección arquivos) e Vicepresidenta da Sección de Arquivos Notariais do Consello Internacional de Arquivos (CIA), membro da Sección para a Ensinanza e Formación en Arquivística do Consello Internacional de Arquivos e membro do Institut International d'histoire du Notariat desde 1996. Aínda que a profesión que exerce foi tradicionalmente feminina, a súa traxectoria profesional é de gran valor, xa que foi unha muller que soubo modernizar o arquivo histórico e darlle a categoría que merece.

**RITA RADL PHILIPP (Tfnos. 981 56 31 00 Ext. 13810/13809 / 650 667 753)**

Profesora Titular de Socioloxía, no campo de Socioloxía da Educación, na Facultade de Ciencias da Educación da USC. Preside o comité de investigación nacional: "Socioloxía do Xénero" da Federación Española de Socioloxía (FES) e profesora con nomeamento oficial (Lehrbeauftragte) da Johann Wolfgang Goethe Universität Frankfurt, onde imparte materias de Socioloxía do Género e directora e fundadora do "Centro Interdisciplinar de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) da USC. Foi a responsable de introducir as primeiras materias sobre a temática das mulleres e xénero nos plans de estudio.

**CARMEN SUAREZ BEIROA (Tfno. 686 854 428)**

Compostelá que destaca por ser a condutora de autobús urbano con máis antigüidade na empresa Tralusa. Comezou a súa carreira profesional hai oito anos, cando só desempeñaba o mesmo oficio unha única muller, por desgraza xa falecida.

O acto dará comezo cunha interpretación musical a cargo de **Najla Shami e Héctor Lorenzo**.

